

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

1050 *Real decreto 53/2014, do 31 de xaneiro, polo que se desenvolve a composición, organización e funcións do Tribunal Administrativo do Deporte.*

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, cuxo obxectivo fundamental é establecer o marco xurídico en que se debe desenvolver a práctica deportiva, regula, como órganos adscritos ao Consello Superior de Deportes, o Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais.

A disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, dá nova redacción ao artigo 84 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, creando o Tribunal Administrativo do Deporte, órgano ao cal corresponderán as funcións exercidas ata o momento polo Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais.

A disposición derradeira terceira, número 6, da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, establece o mandato ao Goberno, para desenvolver regulamentariamente a composición, organización e funcións do Tribunal Administrativo do Deporte.

Ao abeiro do disposto nas anteriores prescricións normativas, o presente real decreto ten por obxecto regular a organización e as funcións do Tribunal Administrativo do Deporte.

A finalidade da norma é unificar nun órgano administrativo todas as funcións e competencias revisoras da actividade federativa en materia de dopaxe, disciplina deportiva e de garantía da legalidade dos procesos electorais que se desenvolven nas entidades deportivas españolas. Para isto, régúlase o Tribunal Administrativo do Deporte como órgano colexiado que asumirá, entre outras, as funcións que ata o momento viñeron desenvolvendo o Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 31 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Natureza e funcións.*

1. O Tribunal Administrativo do Deporte é un órgano colexiado de ámbito estatal adscrito organicamente ao Consello Superior de Deportes que, actuando con independencia deste, asume as seguintes funcións:

a) Decidir en vía administrativa e en última instancia as cuestións disciplinarias deportivas da súa competencia, as sinaladas na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, e coñecer do recurso administrativo especial regulado no artigo 40 da citada lei orgánica.

b) Tramitar e resolver expedientes disciplinarios, en última instancia administrativa, por requirimento do presidente do Consello Superior de Deportes ou da súa comisión directiva, nos supostos específicos a que se refire o artigo 76 da Lei do deporte.

c) Velar, de forma inmediata e en última instancia administrativa, pola conformidade a dereito dos procesos electorais nos órganos de Goberno das federacións deportivas españolas.

2. A competencia do Tribunal Administrativo do Deporte será irrenunciable e improrrogable e non poderá ser alterada pola vontade dos interesados.

Artigo 2. *Composición.*

1. O Tribunal Administrativo do Deporte componse de sete membros, independentes e inamovibles. No exercicio das súas funcións non poderán recibir ningunha orde ou instrución de ningunha autoridade pública ou doutra persoa.

2. Os membros do Tribunal Administrativo do Deporte serán designados pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes entre persoas de nacionalidade española pertencentes aos corpos docentes universitarios, ou que teñan a categoría de maxistrado excedente ou fiscal excedente, ou entre funcionarios de carreira en activo de corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1 do artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, para cuxo acceso sexa requisito necesario o título de licenciado ou de graduado en Dereito. Igualmente, poderán formar parte do Tribunal avogados en exercicio que desempeñasen a súa actividade profesional por tempo superior a quince anos, preferentemente no ámbito do dereito administrativo relacionado directamente co deporte.

3. Na súa composición garantirase o cumprimento de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

4. O presidente do Tribunal Administrativo do Deporte será nomeado polo presidente do Consello Superior de Deportes, por proposta e entre os membros do dito tribunal. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo membro de maior antigüidade, e en caso de igual antigüidade, polo de maior idade de entre eles.

5. O presidente do Consello Superior de Deportes designará un secretario, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto, entre funcionarios de carreira pertencentes a un corpo do subgrupo A1, ao servizo da Administración xeral do Estado, que sexan licenciados en Dereito ou graduados en Dereito. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o secretario será substituído por un suplente designado polo mesmo procedemento que o titular.

Artigo 3. *Réxime de funcionamento.*

1. A convocatoria das reunións será acordada polo presidente do Tribunal, de oficio ou por pedimento de dous dos seus membros. Isto non obstante, enténdese validamente constituído para tratar calquera asunto sempre que estean presentes todos os membros e acorden, por unanimidade, a súa reunión.

2. Para a válida constitución do Tribunal será necesaria a presenza do presidente e do secretario ou, se é o caso, daqueles que os substitúan e, polo menos, de tres membros.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Tribunal e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e será de calidade o voto do presidente.

5. Tras as correspondentes deliberacións e votacións, o secretario levantará a acta que conterá os acordos adoptados e os votos particulares, se os houber.

6. En defecto do previsto especificamente pola normativa reguladora deste tribunal, será de aplicación o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. O funcionamento do Tribunal será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Consello Superior de Deportes, sen incremento nos custos nin nas dotacións de persoal actuais.

Artigo 4. *Reunións por medios electrónicos.*

1. Conforme o previsto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o Tribunal Administrativo do Deporte poderá constituírse e adoptar acordos por medios electrónicos.

2. O presidente do Tribunal Administrativo do Deporte poderá acordar a celebración de reunións por medios electrónicos para todas as sesións ordinarias e extraordinarias ou só para sesións puntuais. Este acordo, que será notificado aos membros do Tribunal Administrativo do Deporte, especificará:

- a) O medio electrónico polo cal se remitirá a convocatoria.
- b) O medio electrónico polo cal se celebrará a reunión.
- c) O medio electrónico polo cal se poderá consultar a documentación relativa aos puntos da orde do día e o tempo durante o cal estará dispoñible a información.
- d) O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o cal terán lugar.
- e) O medio de emisión do voto e o período de tempo durante o cal se poderá votar.
- f) O medio de difusión das actas das sesións e o período durante o cal se poderán consultar.

3. O acordo poderá establecer que a sesión se celebre mediante videoconferencia e o resto de trámites por outros medios electrónicos. Neste caso aplicaranse as seguintes especialidades:

- a) A convocatoria do órgano e a subministración da documentación terán lugar conforme o disposto no punto anterior.
- b) A sesión celebrarase mediante videoconferencia a través de calquera sistema electrónico que o permita, en ámbitos pechados de comunicación.
- c) As votacións poderán ter lugar por simple expresión verbal do sentido do voto; tratándose de votacións secretas, deberanse realizar por sistemas electrónicos que garantan a identidade do emisor e a confidencialidade do seu voto.
- d) A acta confeccionarase por medios electrónicos e poderá limitarse á expresión escrita dos acordos e ao arquivamento en soporte electrónico da videoconferencia.

4. Previamente á adopción do acordo indicado nos puntos anteriores, articularanse tecnicamente o soporte e a aplicación informática que permitan a celebración das reunións por medios electrónicos, que reunirán as seguintes características:

- a) O sistema garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información. Para este fin poñerase ao servizo dos membros do órgano un servizo electrónico de acceso restrinxido.
- b) Para os accesos dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte á sede electrónica onde teña lugar a reunión utilizarase un dos sistemas de identificación electrónica que permite empregar a Lei 11/2007, do 22 de xuño; cando consista nun certificado que se deba incorporar a un soporte electrónico, a Presidencia facilitará este soporte aos membros do Tribunal Administrativo do Deporte que carezan del.
- c) O sistema organizará a información en niveis de acceso cando isto sexa preciso.
- d) O sistema articulará un medio para incorporar ás actas das sesións a constancia das comunicacións producidas, así como o acceso dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte ao contido dos acordos adoptados.

Artigo 5. *Designación dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte.*

1. Os membros do Tribunal Administrativo do Deporte serán designados pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes conforme as súas normas de funcionamento.

2. Os membros serán designados:

- a) Catro por proposta do presidente do Consello Superior de Deportes.
- b) Tres entre os postos polas federacións deportivas españolas.

3. Non poderán ser designados membros do Tribunal Administrativo do Deporte os que sexan ou fosen, durante os dous anos anteriores ao seu nomeamento, membros dos órganos de goberno, de representación ou complementarios das federacións deportivas españolas, ligas profesionais ou clubs deportivos; os que as asesorasen directa ou indirectamente durante o mesmo período, ou os que prestasen servizos profesionais a deportistas e calquera outra persoa física que participe en competicións ou actividades deportivas de carácter oficial.

Artigo 6. Duración do mandato e causas de abstención e recusación.

1. A duración do mandato dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte será de seis anos e non poderán ser reelixidos.

2. Non obstante, a renovación producirase parcialmente cada tres anos.
3. A proposta para a designación dos novos membros corresponderá:

a) Ao presidente do Consello Superior de Deportes, se a renovación afecta un membro designado por proposta del.

b) Ás federacións deportivas españolas, se a renovación afecta un membro designado por proposta destas.

4. En caso de que a renovación alcance o presidente do Tribunal Administrativo do Deporte, o presidente do Consello Superior de Deportes procederá a unha nova designación de entre todos os seus membros e por proposta destes.

5. As funcións dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte e as do secretario serán compatibles co desempeño das súas actividades profesionais, con pleno respecto ao preceptuado no artigo 5.3, e realizaranse, en todo caso, a tempo parcial.

6. Serán aplicables aos membros do Tribunal Administrativo do Deporte as causas de abstención e recusación previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 7. Extinción do mandato dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte.

1. Os membros do Tribunal Administrativo do Deporte serán independentes no exercicio das súas funcións e só cesarán no exercicio do seu cargo polas seguintes causas:

- a) Por expiración do seu mandato.
- b) Por renuncia previamente comunicada ao presidente do Consello Superior de Deportes.
- c) Por falecemento.
- d) Por perda da nacionalidade española.
- e) Por incumprimento grave das súas obrigas, incluídas as infraccións graves á lexislación deportiva.
- f) Por condena a pena privativa de liberdade ou de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por razón de delito.
- g) Por incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función.
- h) Por incorrer nalgunha das causas que impiden o exercicio de funcións públicas ou nalgunha das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade como membro do propio Tribunal Administrativo do Deporte.

2. A remoción polas causas previstas nas alíneas e), f), g) e h) deberá ser acordada polo presidente do Consello Superior de Deportes tras a tramitación dun expediente contradictorio.

Artigo 8. *Procedemento.*

1. O procedemento de tramitación e resolución, ante o Tribunal Administrativo do Deporte, dos expedientes disciplinarios, incluídos os previstos na Lei orgánica de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, e os que se susciten en relación cos procesos electorais nos órganos de Goberno das federacións deportivas españolas axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e nas normas específicas que sexan de aplicación.

2. En todo caso, nos supostos en que o procedemento de tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios estea regulado nunha normativa específica, será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte serán públicas, e respectarán o dereito á honra e á intimidade das persoas, con observancia da adecuada protección de datos de carácter persoal, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Para tal efecto, inseriranse na sede electrónica do Consello Superior de Deportes así como na da Axencia Española de Protección da Saúde do Deportista.

Artigo 9. *Natureza e execución das resolucións.*

1. As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte esgotan a vía administrativa e executaranse a través da correspondente federación deportiva ou da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, cando se trate de sancións impostas en materia de dopaxe, as cales serán as responsables do seu estrito e efectivo cumprimento.

2. As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte relativas a recursos contra actos das ligas profesionais, das agrupacións de clubs de ámbito estatal ou de calquera outra entidade que se someta á competencia do Tribunal Administrativo do Deporte, sempre que tales actos fosen ditados con ocasión dos seus específicos réximes disciplinarios, serán executadas pola liga, agrupacións de clubs ou entidade correspondente, que serán responsables do seu estrito e efectivo cumprimento.

Artigo 10. *Recursos contra as resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte.*

As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte, que non poderán ser obxecto de recurso de reposición, poderán ser obxecto de recurso ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. *Efectiva constitución do Tribunal Administrativo do Deporte.*

1. O Tribunal Administrativo do Deporte constituirase no prazo dun mes a partir da entrada en vigor da presente norma.

2. A entrada en funcionamento do Tribunal Administrativo do Deporte non supoñerá incremento de gasto público, xa que os custos necesarios se atenderán con cargo ao orzamento do Consello Superior de Deportes.

Disposición transitoria primeira. *Funcionamento dos anteriores órganos e expedientes e procedementos xa iniciados.*

1. O Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais continuarán exercendo as súas funcións ata a constitución do Tribunal Administrativo do Deporte.

2. Os expedientes e procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto serán resoltos polo Tribunal Administrativo do Deporte unha vez constituído, de acordo co previsto na normativa anterior, salvo que o interesado opte pola aplicación da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.

Disposición transitoria segunda. *Primeira renovación dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte.*

En relación co disposto no artigo 6.2, a primeira renovación alcanzará tres dos membros do Tribunal Administrativo do Deporte. A este respecto, antes de cumprirse o prazo indicado determinaranse, mediante sorteo, os tres membros que deban cesar, aínda que continuarán no exercicio das súas funcións ata que tomen posesión do seu cargo os que os vaian substituír. A seguinte renovación afectará os catro restantes, e así sucesivamente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados:

- a) Os artigos 58 a 68 do Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva.
- b) Os artigos 30 a 33 do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e rexistro de asociacións deportivas.
- c) Os artigos 16 a 18 do Real decreto 63/2008, do 25 de xaneiro, polo que se regula o procedemento para a imposición e revisión de sancións disciplinarias en materia de dopaxe.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA